

## ACTA

Expediente núm.	Órgano colexiado
PLN/2024/7	O Pleno

### DATOS DE DESENVOLVEMENTO DA SESIÓN

**Tipo Convocatoria:**

Extraordinaria urxente

Motivo: «Elección e toma de posesión de Alcalde ou Alcaldesa»

**Data:**

20 de abril de 2024

**Duración:**

Desde as 13:00 ata as 13:46

**Lugar:**

Salón de Plenos do Concello de A Estrada

**Presidida por:**

Juan Manuel Constenla Carbón (en calidade de alcalde en funcións)

**Secretaria:**

María Jesusa Fernández Bascuas

### ASISTENCIA Á SESIÓN

Núm. de identificación	Nome e Apelidos	Asiste
	ALFONSO FIGUEIRAS REY	SÍ
	AMALIA GOLDAR CORA	SÍ
	AMALIA LAGO DURAN	SÍ
	ALBERTO MANUEL BLANCO CARRACEDO	SÍ
	DIEGO PERNAS FERNÁNDEZ (Informático)	SÍ
	GONZALO LOUZAO DONO	SÍ
	JOSE ISMAEL PENA VILLAMOR	NON
	JUAN CARLOS GONZALEZ BARCIA	SÍ
	JUAN MANUEL CONSTENLA CARBON	SÍ
	LUCIA SEOANE ROSENDE	SÍ
	LUIS LOPEZ BUENO	SÍ
	MARIA ANGELES PAIS CARBIA	SÍ
	MARIA DEL MAR BLANCO CASAIS	SÍ





	MARÍA BELÉN LÓPEZ PENA	SÍ
	MIGUEL OSCAR RANCAÑO BRAÑANOVA	SÍ
	MANUEL MAGARIÑOS MACEIRAS	SÍ
	MARÍA CARMEN MORILLO RODRÍGUEZ (Interventora)	SÍ
	Mª DEL CARMEN DURÁN LEA	SÍ
	OSCAR ALEJANDRO DURAN BARROS	SÍ
	ROMÁN SUÁREZ PORTO	SÍ
	VANESA IGLESIAS CASAL	SÍ
	XOÁN REYES VILLAR	SÍ

Unha vez verificada pola secretaria a válida constitución do órgano, o presidente abre a sesión, polo que se procede á deliberación sobre os asuntos incluídos na orde do día.

### A) PARTE RESOLUTIVA

#### PRONUNCIAMENTO SOBRE A URXENCIA DA CONVOCATORIA

**Favorable**      **Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento

O **Sr. Presidente** explica que, trala renuncia e cese de D. José Carlos López Campos ao seu cargo de Alcalde e como concelleiro polo Partido Popular, é necesario ocupar o posto vacante, tanto de concelleiro como de Alcalde, xustificándose a urxencia desta sesión plenaria na necesidade da toma de posesión do novo Alcalde ou Alcaldesa para o normal funcionamento desta administración local.

Sometida a urxencia a votación é aprobada por unanimidade.

#### COMPROBACIÓN CREDENCIAL DE CONCELLEIRA DO GRUPO DO PARTIDO POPULAR E XURAMENTO E PROMESA

Intervén a **señora secretaria** para dicir que, trala renuncia e cese de D. José Carlos López Campos o 14 de abril de 2024, do que se deu conta ao Pleno na sesión extraordinaria e urxente celebrada o 16 de abril de 2024, procede, en aplicación do artigo 182 da Lei Orgánica de Réxime Electoral 5/1985, de 19 de xuño, cubrir o posto vacante pola candidata a quen lle corresponde por orde de colocación na lista do Partido Popular presentada para as eleccións locais de 2023, recaendo este nomeamento en Dna. Jessica Rodríguez Calviño (posto nº 14 da nomeada lista).

Visto que, con data 18 de abril de 2024, recibíuse da Xunta Electoral Central a credencial da Sra. Rodríguez Calviño, notificando na mesma data á interesada.

Visto que, de acordo co establecido no artigo 75.7 da Lei de Bases de Réxime local, a





concelleira Dna. Jessica Rodríguez Calviño presentou a declaración sobre causa de posible incompatibilidade e actividades que lle proporcionen ou poidan proporcionar ingresos económicos, e tamén a declaración de bens patrimoniais e de participación en sociedades.

Igualmente, a nomeada concelleira está debidamente informada sobre o réxime de incompatibilidades que, para a condición de concelleira, está establecido no artigo 178 en relación cos artigos 6, 7 e 177 da Lei Orgánica do Réxime Electoral Xeral, e artigo 10 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, sen que poña de manifesto causa de incompatibilidade co cargo de concelleira.

**A señora secretaria** di que, de conformidade co disposto na normativa vixente, convídase á concelleira Dna. Jessica Rodríguez Calviño a que expoña neste acto se lle afecta algunha causa de incompatibilidade sobrevida con posterioridade á súa declaración, non producíndose manifestación algunha.

Continúa a **señora Secretaria** indicando que, conforme ao disposto no artigo 108.8 da Lei 5/1985 do Réxime Electoral Xeral, a señora Rodríguez Calviño debe de proceder a prestar xuramento ou promesa na forma establecida polo Real Decreto 707/1979.

O Sr. Presidencia prega á señora Rodríguez Calviño que se achege para realizar o seu xuramento ou promesa.

Despois, unha vez que prestou xuramente a nova concelleira, esta pasa a ocupar o seu lugar no Salón de Plenos.

Unha vez prestado o xuramento pola señora Rodríguez Calviño, o **señor presidente** lle insta a ocupar o seu lugar no Salón de Plenos.

## ELECCIÓN DE ALCALDE OU ALCALDESA

A **señora secretaria** da lectura ao artigo 198 da Lei Orgánica 5/1985, de 19 de xuño, de Réxime Electoral Xeral: *“Nos supostos distintos aos previstos nos artigos 197 e 197 bis, a vacante na Alcaldía resólvese conforme ao previsto no artigo 196, considerándose a estes efectos que encabeza a lista en que figuraba o Alcalde o seguinte á mesma, a non ser que renuncie á candidatura”.*

Así mesmo, da lectura do artigo 196 da citada Lei Orgánica 5/1985:

*“ Na mesma sesión de constitución da Corporación procédese á elección de Alcalde, de acordo co seguinte procedemento:*

*a) Poden ser candidatos todos os concelleiros que encabezas a súas correspondentes listas.*

*b) Se algún deles obtén a maioría absoluta dos votos dos concelleiros é proclamado electo.*





*c) Se ningún deles obtén dita maioría, é proclamado Alcalde o concelleiro que encabece a lista que obtivo maior número de votos populares no correspondente municipio. No caso de empate resolverase por sorteo”.*

Pola **señora secretaria** faise constar que, por escritos de datas 19/04/2024 (que constan no expediente desta sesión), os concelleiros e concelleiras da lista do Partido Popular D. Alberto Manuel Blanco Carracedo (nº 2), Amalia Goldar Cora (nº 3), María Ángeles Pais Carbia (nº 4), Juan Manuel Constenla Carbón (nº 5), Miguel Óscar Rancaño Brañanova (nº 6), María del Carmen Durán Lea (nº 7), José Ismael Pena Villamor (nº 8) e Lucía Seoane Rosende (nº 9), manifestando a súa renuncia a presentar candidatura a Alcalde, polo que, respecto á lista do Partido Popular, e de conformidade co establecido no artigo 198 LOREG, o candidato á Alcaldía sería D. Gonzalo Louzao Dono (nº 10), ordenándose os concelleiros e concelleiras renunciando ao final da lista do Partido Popular.

A **señora secretaria**, en aplicación ao disposto no citado artigo 196, pregunta a cada un dos cabezas de lista dos grupos políticos da oposición se presentan algunha candidatura para ser elixido Alcalde do Concello da Estrada.

D. Gonzalo Louzao Dono, D. Luis López Bueno, D. Xoán Reyes Villar e Dna. María Mar Blanco Casais, presentan as súas candidaturas polos partidos de PSdeG-PSOE, BNG e I.

Ante o anterior a **señora secretaria** di que, de conformidade coas candidaturas presentadas, son proclamados candidatos á Alcaldía do Concello da Estrada os concelleiros e concelleiras: D. Gonzalo Louzao Dono (polo Partido Popular), D. Luís López Bueno (polo PSdeG-PSOE), D. Xoán Reyes Villar (polo BNG) e Dna. María Mar Blanco Casais (por MOVETE).

O señor **presidente** informa que a continuación procédese á votación secreta mediante depósito en urna, acordada por unanimidade, procedendo a **señora secretaria** ao chamamento de cada un dos concelleiros e concelleiras por orde de candidatura máis votada á menos votada e por orde de lista electoral, os cales proceden a depositar os seus respectivos votos.

Feito o recuento dos votos emitidos, obtense o seguinte resultado:

- D. Gonzalo Louzao Dono: 12 votos
- . D. Luís López Bueno: 5 votos
- D. Xoán Reyes Villar: 2 votos
- Dna. María Mar Blanco Casais: 1 voto.

A **señora secretaria** manifesta que D. Gonzalo Louzao Dono obtivo a maioría absoluta dos votos e, polo tanto, é proclamado Alcalde electo do Exmo. Concello de A Estrada.





## XURAMENTO OU PROMESA E TOMA DE POSESIÓN DO ALCALDE OU ALCALDESA

A continuación, por parte do **Sr. Alcalde electo** acéptase o cargo, prestando xuramento de cumprir fielmente as obrigas do mesmo con lealdade ao Rei e gardar e facer gardar a Constitución como norma fundamental do Estado, recibindo do anterior Alcalde, D. José C. López Campos, o bastón de mando.

Levántase a sesión sendo as trece horas corenta e seis minutos do día do seu comezo.

De conformidade co establecido no Decreto 24/2018, do 15 de febreiro, sobre los libros de actas e de resolucións das entidades locais galegas, incorpórase á presente acta o acceso ao arquivo audiovisual resultante da gravacións das intervencións na sesión con enlace, formando parte da mesma:

<https://aestrada-pletos.tiivii.com/2024/04/23/pleno-concello-de-a-estrada-20-de-abril-2024/>

Garántese a autenticidade e integridade do nomeado arquivo audiovisual co certificado correspondente incluído no expediente e que inclúe a marca dixital “hash”:

62499805D8043CBF1AFC417FB644E7E07EF7426128B673D3C0999E8E5BB01DB5

Marca dixital xerada coa aplicación de firma electrónica Autofirma (desenvolvida polo Ministerio de Facenda e Administracións Públicas).

### DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

